

Precaucións cos servizos de Intelixencia Artificial

Os servizos de Intelixencia Artificial Xenerativa -dos que o máis coñecido é *ChatGPT*- están a acadar unha grande popularidade, pero utilízalos ten os seus riscos.



O risco principal afecta á **privacidade**: os datos que proporcionas cando solicitas unha tarefa pasan a formar parte do sistema de Intelixencia Artificial, e poden mesmo chegar a aparecer nas respostas que se ofrezan a outros usuarios.



Polo tanto é imprescindible que te asegures de non utilizar **datos persoais nin información confidencial ou sensible do ámbito laboral** cando fagas unha consulta ou petición a un servizo de Intelixencia Artificial Xenerativa.

Lembra que podes atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal